

## **RESUMO DOS PUNTOS A TER EN CONTA PARA INSCRIBIRSE NA PROBA.**

### **MODALIDADES DE BACHARELATO:**

1. A proba convócase para as modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais.
2. Non obstante o anterior, poderanse inscribir na proba, e titular pola modalidade de Artes, as persoas que estean en condicións de validar o segundo exercicio conforme o establecido na segunda parte do anexo III da [resolución pola que se convoca a proba](#).

### **REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

- a) Ser maior de 20 anos ou cumprir esa idade no ano 2023.
- b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes (presencial, semipresencial ou telemática) nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2022/23.

As persoas aspirantes poderán matricularse dos dous exercicios que integran a proba ou dun deles.

### **PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN:**

O prazo para realizar a inscrición nestas probas será **entre o 6 e o 15 de marzo de 2023**

As solicitudes deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

As solicitudes tamén poden presentarse presencialmente en soporte papel según o formulario oficial (**anexo I**), **nos seguintes centros:**

- ✓ Centro EPA Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3-2º andar, 15003 A Coruña
- ✓ IES San Clemente, rúa San Clemente s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- ✓ Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa s/n, 27003 Lugo.
- ✓ Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor 4, 32002 Ourense.
- ✓ Centro EPA Río Lérez, avenida de Bos Aires 26, 36002 Pontevedra.
- ✓ Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra 8-1º, 36202 Vigo

## **DOCUMENTACIÓN PARA INSCRIPCIÓN:**

- Formulario de solicitude (anexo I).
- Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia ou non se autorice a súa consulta.
- Certificado de residencia, se a persoa solicitante procede doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, no caso de solicitar a exención das materias de Lingua Galega e Literatura I e II.
- Se procede, certificacións académicas ou copia compulsada do libro de escolaridade e/ou historial académico, onde se acredite ter superado materias para validar algún exercicio.

## **DATA DAS PROBAS:**

As probas terán lugar **o día 28 de abril, de 2022**, en sesión de mañá e tarde, no **IES SAN CLEMENTE** de Santiago de Compostela.

**HORARIOS E MATERIAIS A USAR NA PROBA:** [Ver resolución.](#)

**ESTRUTURA DA PROBA:** [Ver resolución.](#)

**MATERIAS DA PROBA:** [Ver resolución](#)

**CONVALIDACIÓN CON MATERIAS SUPERADAS DE BACHARELATO:** [Ver resolución](#)

**ENLACE ÁS PROBAS DOUTRAS CONVOCATORIAS:** [Enlace ás probas doutras convocatorias.](#)

## **MÁIS INFORMACIÓN:**

- [RESOLUCIÓN do 27 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización \(código de procedemento ED534A\).](#)
- [Máis información na web da Consellería de Educación.](#)